



Catálogo de patrimonio cultural

XUNTA DE GALICIA

de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Código: 0401-REL-CON-07

Denominación: Conxunto da Igrexa Vella e o seu adro, e máis as casas e os galpóns anexos

Localización: Cualedro

Parroquia: Cualedro, Sta. María

A xeira do servizo de Planificación Urbanística II



Coordenadas UTM 29T 616483.59E 4649654.10N

Nº de plano: 2h6

Tipoloxía: Conxunto heteroxéneo

Descrición: Igrexa dunha soa nave de planta rectangular e cuberta de tella cerámica a dúas augas, que no presbiterio son catro, sobre muros de cantería. A fachada está coroada por unha espadafía para dúas campás, hoxe ausentes. É coñecida como Igrexa Vella e debéu de ser construída no s.XVII. Estivo en uso como igrexa parroquial ata a construción da chamada Igrexa Nova, na segunda metade do s. XX.

Está arrodeada parcialmente por un conxunto aliñado de casas tradicionais que destacan pola súa homoxeneidade. A praza dianteira está fornecida dunha fonte con lavadoiro (0401ETNCON04).

Titularidade: Institucional privada

Estado de conservación: Malo

Grado de protección: Integral

Calificación do solo: Solo Urbano Consolidado

Ordenanza: 1

Actuacións e usos permitidos e prohibidos: Actuacións e usos permitidos: os que determina o nivel de protección.

As obras permitidas serán as tendentes á conservación e posta en valor da edificación, conxunto ou elemento catalogado, dotándoos excepcionalmente do uso ou usos que, sendo compatibles coas súas características e condicións orixinais, garantan mellor a súa permanencia. Deste xeito, permítese as obras cuxo fin sexa a conservación e restauración, é dicir, as obras de conservación, restauración e recuperación, quedando expresamente prohibidas todas as demais. Tamén prohibense as obras de corta ou poda non curativa de especies arbóreas autóctonas ou non, que formen parte relevante da composición, do sistema produtivo da tradición ou da simple xardinería do área ou contorno inmediato do ben catalogado. Exceptúase esta norma cando a árbore ou as súas partes supoñan perigo para a integridade do ben.

Actuacións e usos prohibidos: os que determina o nivel de protección.

Observacións: A cuberta está moi deteriorada, o interior conserva a pedra da ara e numerosas sepulturas. Está necesitado de limpeza e mantemento. Atópase fora de uso.

A reurbanización do entorno mellorará a relación do elemento co espazo público, concedéndolle protagonismo. As intervencións futuras no entorno farán uso dun deseño que respecte a escala e a linguaxe do elemento e do ámbito que lle é propio. Propónse a súa reutilización como equipamento de sistema local. É importante manter a altura das cubertas e os hachais das casas, co fin de non romper a proporción volumétrica coa igrexa.

presente fotocopia reproduce o orixinal que se me exhibe.

Cualedro, 29 de xuño de 2010

O SECRETARIO



DOCUMENTO DE TRAMITACIÓN

Xullo 2010